

2º Domingo de Pascua (B)

EVANXEO

+ Xoán 20,19-31

Naquel día, o primeiro da semana, ó serán, estando pechadas as portas onde estaban os discípulos, por medo dos xudeus, chegou Xesús, e, poñéndose no medio, díxolles:

-Paz convosco.

Dito isto, mostroulles as mans e mais o costado. Os discípulos alegráronse, vendo o Señor. El díxolles outra vez:

-Paz convosco: coma o Pai me mandou a min, tamén eu vos mando a vós.

E dito isto alentou sobre eles, e díxolles:

-Recibide o Espírito Santo: a quen lles perdoedes os pecados, quedaranlles perdoados; a quen llelos reteñades, quedaranlles retidos.

Pero Tomé, un dos Doce, o chamado Xemelgo, non estaba con eles cando chegou Xesús. Dicíanlle entón os outros discípulos:

-Vimos o Señor.

Pero el contestoulles:

-Como non vexa nas súas mans as furas dos cravos e non meta nelas o meu dedo; como non meta a miña man no seu costado, non creerei.

Oito días despois estaban outra vez dentro os discípulos, e Tomé con eles. Chegou Xesús, estando pechadas as portas, e poñéndose no medio, dixo:

-Paz convosco.

Despois díxolle a Tomé:

-Trae aquí o teu dedo e mira as miñas mans; trae a túa man e métea no meu costado. Non sexas incrédulo, senón home de fe.

Tomé respondeulle:

-¡Meu Señor e meu Deus!

Xesús díxolle:

-¿Tes fe porque me viches? ¡Benia os que creron sen veren!

Moitos outros signos fixo Xesús diante dos seus discípulos, que non se escribiron neste libro. Estes escribíronse para que creades que Xesús é o Mesías, o Fillo de Deus e, crendo, teñades vida nel.

Palabra de Deus.

HOMILIA

12/04/2015

VIVIRMOS DA SÚA PRESENZA

O relato de Juan non pode ser máis suxectivo e interpelante. Só cando ven a Xesús resucitado no medio deles, o grupo dos discípulos transfórmase. Recuperan a paz, desaparecen os seus medos, échense dunha alegría descoñecida, notan o alento de Xesús sobre deles e abren as portas porque se senten enviados a viviren a mesma misión que el recibira do Pai.

A crise actual da Igrexa, os seus medos e a súa falta de vigor espiritual teñen a súa orixe a un nivel profundo. Con frecuencia, a idea da resurrección de Xesús e da súa presenza no medio de nós é máis unha doutrina pensada e predicada, que unha experiencia vivida. Cristo resucitado está no centro da Igrexa, pero a súa presenza viva non está arraigada en nós, non está incorporada á sustancia das nosas comunidades, non nutre de ordinario os nosos proxectos. Tras vinte séculos de cristianismo, Xesús non é coñecido nin comprendido na súa orixinalidade. Non é amado nin seguido como o foi polos seus discípulos e discípulas.

Nótase deseguida cando un grupo ou unha comunidade cristiá se sente como habitada por esa presenza invisíbel, pero real e activa de Cristo resucitado. Non se contentan con seguir rutineiramente as directrices que regulan a vida eclesial. Posúen unha sensibilidade especial para escoitaren, buscar, recordar e aplicar o Evanxeo de Xesús. Son os espazos máis sans e vivos da Igrexa.

Nada nin ninguén nos pode aportar hoxe a forza, a alegría e a creatividade que necesitamos para enfrontármonos a unha crise sen precedentes, como pode facelo a presenza viva de Cristo resucitado. Privados do seu vigor espiritual, non sairemos da nosa pasividade case innata, continuaremos coas portas pechadas ao mundo moderno, seguiremos facendo «o mandado», sen alegría nin convicción. Onde atoparemos a forza que necesitamos para recrearmos e reformar a Igrexa?

Temos de reaccionar. Necesitamos de Xesús máis do que nunca. Necesitamos vivirmos da súa presenza viva, recordar en toda ocasión os seus criterios e o seu Espírito, repensarmos constantemente a súa vida, deixarlle ser o inspirador da nosa acción. El pódenos transmitir máis luz e máis forza do que ninguén. El está no medio de nós comunicándonos a súa paz, a súa alegría e o seu Espírito.

José Antonio Pagola
Tradutor: Xaquín Campo Freire

HOMILIA

15/04/2012

PERCORRIDO CARA Á FE

Estando ausente Tomé, os discípulos de Xesús tiveron unha experiencia inaudita. Non ben o ven chegar, comunícanlle cheos de alegría: "Vimos o Señor". Tomé escóitaos con escepticismo. Por que lles vai crer algo tan absurdo? Como poden dicir que viron a Xesús cheo de vida, se morreu crucificado? En todo caso, será outro.

Os discípulos dinlle que lles mostrou as feridas das súas mans e o seu costado. Tomé non pode aceptar o testemuño de ninguén. Necesita comprobalo persoalmente: "Se non vexo nas súas mans o sinal dos seus cravos... e non meto a man no seu costado, non o creo". Só crerá na súa propia experiencia.

Este discípulo que se resiste a crer de xeito inxenuo, vainos ensinar o percorrido que temos de facer para chegar á fe en Cristo resucitado os que nin sequera vimos o rostro de Xesús, nin escoitamos as súas palabras, nin sentimos os seus abrazos.

Aos oito días, preséntase de novo Xesús aos seus discípulos. Inmediatamente, diríxese a Tomé. Non critica a súa formulación. As súas dúbidas non teñen nada de ilexítimo ou escandaloso. A súa resistencia a crer revela a súa honestidade. Xesús enténdeo e vén ao seu encontro mostrándolle as súas feridas.

Xesús ofrécese a satisfacer as súas esixencias: "Trae o teu dedo, aquí tes as miñas mans. Trae a túa man, aquí tes o meu costado". Esas feridas, antes que "probas" para verificar algo, non son "signos" do seu amor entregado ata a morte? Por iso, Xesús invítao a afondar máis alá das súas dúbidas: "Non sexas incrédulo, senón crente".

Tomé renuncia a verificar nada. Xa non sente necesidade de probas. Só experimenta a presenza do Mestre que o ama, o atrae e o invita a confiar. Tomé, o discípulo que fixo un percorrido máis longo e laborioso que ninguén ata se atopar con Xesús, chega máis lonxe que ninguén na fondura da súa fe: " Meu Señor e meu Deus ". Ninguén confesou así a Xesús.

Non temos de asustarnos ao sentir que xermolan en nós dúbidas e interrogantes. As dúbidas, vividas de xeito san, sálvanos dunha fe superficial que se contenta con repetir fórmulas, sen crecer en confianza e amor. As dúbidas estímúlanos a ir ata o final na nosa confianza no Misterio de Deus encarnado en Xesús.

A fe cristiá crece en nós cando nos sentimos amados e atraídos por ese Deus, do cal podemos enxergar o seu Rostro no relato que os evanxeos nos fan de Xesús. Entón, a súa chamada a confiar ten en nós máis forza que as nosas propias dúbidas. "Ditosos os que crean sen ver".

José Antonio Pagola

Traduciu: Xaquín Campo Freire

HOMILIA

19/04/2009

VIVIRMOS DA SÚA PRESENZA

(Véxase homilía 12/04/2015)

José Antonio Pagola
Tradutor: Xaquín Campo Freire

Blog: <http://sopelakoeliza.blogspot.com>
<http://iglesiadesopelana.blogspot.com>

José Antonio Pagola Itxaldiaren Bideoak ikusteko:
<http://iglesiadesopelana3v.blogspot.com>